CONCELLO DE REDONDELA

(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º.....

Serie A N.º 2237111

SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 11 - AGOSTO - 2009

ORDE DO DIA

1.- INICIO DE EXPEDIENTE DE PRÉSTAMO Nº 1/09 POR IMPORTE DE 3.000.000 EUROS.

2.- EXPEDIENTE DE CAMBIO DE FINALIDADE PARCIAL DE PRÉSTAMOS DE EXERCICIOS ANTERIORES S/DETALLE: PRÉSTAMO Nº 1/1996, PRÉSTAMO Nº 1/2006.

3.- DAR CONTA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA AO COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS, EXERCICIO 2009.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:

4.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as nove horas do día once de agosto de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. JOSÉ GARCÍA MÍGUEZ, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO, D. MIGUEL ANGEL ALVAREZ BALLESTEROS, Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, DONA., D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, , D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. MARÍA ANXELES BABARRO FERNÁNDEZ, Dª. ROSA MARIA COSTAS ESTÉVEZ, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. BENIGNO GARCÍA-LUENGO MONTERO, da Interventora do Concello, ÁGUEDA BELLO VALDÉS, e actuando como Secretaria a Secretaria Xeral da Corporación DONA. ANA BEGOÑA MERINO GIL, constitúese o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asisten, excusando a súa ausencia, os/as Sres./as Concelleiros/as: Dª. LAURA LAGO ALLER, Dª. LAURA ALONSO GÓMEZ, Dª. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS e MARIA LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ.

INCIDENCIAS.-

Con carácter previo no tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das víctimas da violencia de xénero.-

Pola Secretaria dase conta dun erro material na orde do día, imputable a ela, posto que nos dous primeiros puntos faise constar que son "Dar conta" cando non é así, tal e como figura nas correspondentes propostas dictaminadas pola Comisión Informativa.

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- INICIO DE EXPEDIENTE DE PRESTAMO Nº1/09 POR IMPORTE DE 3.000.000 DE EUROS

Vista a proposta da Alcaldía de data 05.08.09. dictaminada favorablemente pola Comisión de Facenda e Patrimonio o 7 de agosto do 2009 que transcrita, dí:

"Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento deste Concello para o ano 2007 figuran previsto diversos gastos en investimentos financiados totalmente mediante préstamo a longo prazo por importe de 3.000.000,00 euros.

Considerando preciso contar con financiamento (mediante préstamo) necesario para realizar diversos investimentos previstos no orzamento deste Concello para o ano 2009, esta Alcaldía proponlle ao concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Iniciar a tramitación do expediente administrativo correspondente ao préstamo a longo prazo 1/09 por importe de 3.000.000 euros, préstamo destinado ao financiamento municipal dos seguintes investimentos incluídos no anexo de investimentos do orzamento deste Concello para o ano 2009:

Partida	Destino	Importe
09.121.1A.620.00	Compra de terreos e outros	200.000
09.121.1A.620.01	Expropiación de terreos	250.000
09.432.1A.601.00	Proxecto Marisma Feder 2010	303.491,04
09.432.1A.601.03	Humanización avenida Ernestina Otero (1ª fase)	90.000
09.432.1A.601.00	Proxecto Marisma Feder 2011	146.508,96
09.441.1A.627.02	Abastecementos e saneamentos	500.000
09.452.1B.622.00	Instalacións deportivas	60.000
09.452.1B.622.01	Aportación municipal construcción SPA Chapela	500.000
09.452.1B.622.02	Proxecto novo pavillón e Concurso de ideas	100.000
09.511.1A.611.01	Camiños e vías publicas	750.000
09.511.1ª.611.02	Novo acceso a cidadelle	100.000
	TOTAL	**3.000.000**

Segundo.- As características do préstamo 1/09 serán as seguintes:

- contía: 3.000.000 euros

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237112

- Destino: financiamento das aportacións municipais aos investimentos indicados apartado anterior.
- Prazo total:12 anos
- Prazo de amortización :10 anos
- Periodo de carencia: 2 primeiros anos
- Amortizacións e xuros: por trimestres naturais vencidos (debendo comunicar o prestamista ao concello de Redondela, con 15 hábiles de antelación, os importes correspondentes dos xuros e da amortización, de cada período)
- Tipos de xuro, tipo variable, referenciado ao Euribor a un ano mais / menos diferencial ofertado, sen redondeo.
- Gastos de estudio: exento
- Comisión de apertura: exento
- Gastos de reembolso anticipado total ou parcial: exento
- Comisión de dispoñibilidade: exento
- Calquera outro tipo de gastos: exento, incluídos fedatarios, gastos por cheques, transferencias, correo, apuntes, mantemento, seguro de tipo de xuros, etc.
- Garantías, avais, afectación de recursos:exento
- Disposición do préstamo: o importe do préstamo poderase desembolsar conxunta ou fraccionadamente a petición do Concello de Redondela durante os dous primeiros anos, mediante ingreso en conta aberta polo concello de Redondela na entidade prestamista, devengandose xuros exclusivamente, nos dous primeiros anos, polas cantidades efectivamente aboadas (a petición do concello) na conta antes citada a partida da data da súa dispoñibilidade efectiva na mesma.
- Modelo de contrato: deberase unir a oferta o modelo completo de contrato de préstamo no que queden recollidas (entre outras) todalas características indicadas no apartado segundo da proposta, coa indicación expresa da aceptación integra e non condicionada de tódalas características do préstamo a longo prazo 1/09.
- Validez das ofertas: as ofertas deberán ter unha validez mínima ate o día 31.12.09.
- Formalización: dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da recepción da notificación do acordo de adxudicación.

Terceiro.- O expediente administrativo e as ofertas recibidas serán informadas pola Intervención municipal do concello, correspondendo ao Concello Pleno determinar o banco ou caixa de aforros co que será asinado o correspondente contrato de préstamo, sen prexuízo de que o Concello Pleno poida acordar, no seu momento, non realizar (total ou parcialmente) o préstamo a longo prazo 1/09."

Detectado un erro no primeiro párrafo da proposta procedese a modificación da mesma: onde di "*para o ano 2007" pasa a decir "para o ano 2009"* quedando dito parrafo do seguinte xeito :

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento deste Concello para o ano 2009 figuran previsto diversos gastos en investimentos financiados totalmente mediante préstamo a longo prazo por importe de 3.000.000,00 euros.

Votación e dictame:

A Comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (3), e do PG (1) por maioría dictaminou favorablemente a proposta correxida do Alcalde antes transcrita.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión informativa de Facenda e Patrimonio eleve ao Concello Pleno a seguinte proposta de acordo."

DELIBERACIÓN

A concelleira señora Canal Gómez considera que non é aceptable este tipo de erros na orde do día posto que o Alcalde debeu controlalo cando a asinou. Estima que teñen demasiados erros e non está de acordo con que se convoquen os plenos ás nove de mañán porque algúns dos seus concelleiros teñen que traballar.
O Alcalde pregúntalle a qué erros se refire e a voceira do PP sinala que o outro día tamén houbo un erro na conta xeral sinalando a Interventora que foi un erro insignificante, sen transcendencia algunha.

O concelleiro señor Bastos Fernández anuncia que o seu grupo vaise a abster.

A concelleira señora Canal Gómez sinala que van a votar en contra dado que non lle parece de recibo que con tódalas axudas que o Concello está a percibir doutras administracións se teña que pedir tamén un préstamo de tres millóns de euros. Entende que se despilfarran os recursos de xeito inaceptable e manifféstase en contra das obras de humanización no centro, que están a producir numerosas molestias aos veciños. Parécelle que fan investimentos en obras que non son tan prioritarias e deixan desatendidas outras que son moito máis importantes.

O concelleiro señor González Iglesias dí que o PP de Redondela cambia continuamente de opinión dado que hai un tempo dixeron que a situación económica era desastrosa e agora consideran que hai financiamento dabondo para face-las actuacións previstas. Sinala que ese financiamento non ven dos orzamentos da Deputación, nefastos para o Concello e indica que a operación é consecuente co previsto no presuposto para cumprir os compromisos electorais por unha banda e facer fronte á crise por outra. Dí que non contan con axudas para infraestructuras deportivas como a do Spa de Chapela ou para temas de saneamento das que sí dispoñen outros concellos.

A concelleira señora Canal Gómez dí que os concelleiros do goberno non miran os expedientes a pesares de que eles son os que teñen que dar conta das suas actuacións. Remítese ao informe da Interventora que recomienda "prudencia e transparencia", cousas das que carecen e suliña que poucas personas do Concello se están a beneficiar do plan Zapatero e denuncia cuestións como os vertidos na praia da Portela ou a situación da praia de Cesantes e o pantalán.

O Alcalde dí que o pantalán instalouse ilegalmente, sen permiso de costas, cando gobernaba o PP e son eles os que teñen que resolver a situación.

O concelleiro señor González Iglesias indica que os concelleiros do PP marcharon do pleno do presuposto, o que quere dicir que somentes veu ao pleno a cobrar xa que para debatir hai que coñecer ben o expediente. Parécelle que o PP non é precisamente un exemplo de transparencia.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, sendo oito votos a favor (5 do PSdeG-PSOE e 3 do B.N.G.), seis votos en contra (6 do P.P.) e dúas abstencións (2 do P.G.), aprobou, nos seus propios términos, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.

2.- EXPEDIENTE DE CAMBIO DE FINALIDADE PARCIAL DE PRÉSTAMOS DE EXERCICIOS ANTERIORES S/DETALLE: PRÉSTAMO Nº 1/1996, PRÉSTAMO Nº 1/2006.

Vista a proposta da Alcaldía de data 05.08.09, dictaminada favorablemente pola Comisión de Facenda e Patrimonio o 7 de agosto do 2009 que transcrita, dí:

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º.....

Serie A N.º 2237113

"Vistos o destino do saldo restante do prestamo a longo prazo 1/96 de 3.727,16 € correspondentes a "Terreos uso publico reboreda".
Visto o destino do saldo restante do prestamo a longo prazo 1/06 de 5.881,53 € correspondentes a "Urbanización Cubillón".
Visto o destino do saldo restante do prestamo a longo prazo 1/06 de 18.085,37 € correspondentes a "Humanización de Rúas".
Visto o destino do saldo restante do prestamo a longo prazo 1/06 de 10.750 € correspondentes a "Plano de actuacions mediambientais".

CONSIDERANDO PRECISO CONTAR CON CREDITO DESTINADO A ADQUISICIÓN DUNHA MOTOBOMBA PARA PROTECCION CIVIL por importe de 30.000 euros

CONSIDERANDO PRECISO CONTAR CON CREDITO DESTINADO A ADQUISICIÓN DUNHA DESBROZADORA PARA VIAS E OBRAS por importe de 8.444,06

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Novar parcialmente o prestamo a longo prazo 1/96 por importe de 3.727,16 euros destinado a "Terreos uso publico Rebordea" a adquisición dunha motobomba para protección civil.

Segundo.- Novar parcialmente o prestamo a longo prazo 1/07 por importe de 34716,9 destinado a Urbanización Cubillón, Humanización de Rúas e Plano de actuación mediambientais a seguinte finalidade:

- Adquisición dun vehiculo motobomba para protección civil : 26.272,84 euros
- Adquisición dunha desbrozadora para vias e obras: 8.444,06 euros."

O señor Garcia-Luengo pregunta si o vehiculo a adquirir e novo ou usado. Respondendo o señor Reguera (presidente da comisión) que non se sabe ata que se presentes as ofertas correspondentes

Votación e dictame:

A Comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos/as Sres/as Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (4) do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (3), e do PG (1) por maioría dictaminou favorablemente a proposta do Presidente antes transcrita.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión informativa de Facenda e Patrimonio eleve ao Concello Pleno a seguinte proposta de acordo".

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, sendo oito votos a favor (5 do PSdeG-PSOE e 3 do B.N.G.), seis votos en contra (6 do P.P.) e dúas abstencións (2 do P.G.), aprobou, nos seus propios términos, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, nos antecedentes transcrito.